

**I.E.S. de Carral**  
**Plan de Convivencia**



<b>1. Introducción.....</b>	<b>3</b>
1.1. O centro .....	3
1.2. Situación da convivencia no centro .....	4
1.2.1. Indicadores. ....	4
<b>2. Xustificación.....</b>	<b>5</b>
<b>3. Obxectivos.....</b>	<b>6</b>
<b>4. Comisión de convivencia.....</b>	<b>8</b>
4.1 Composición.....	8
4.2 Nomeamento .....	8
4.3 Funcións .....	9
4.4. Funcionamento .....	9
<b>5. Actuacións, medidas e programas.....</b>	<b>10</b>
5.1 Actuación e programas .....	10
5.2 Estratexias organizativas e curriculares. ....	11
5.3. Accións destinadas á favorecer a participación da comunidade educativa.....	12
5.4. Accións destinadas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia e difusión das normas .....	13
5.5. Accións de sensibilización.....	14
5.6. Espazos e recursos humanos e materiais .....	14
<b>6.Normas de convivencia.....</b>	<b>15</b>
6.1. Dereitos e deberes dos alumnos.....	15
6.1.1. Dereitos .....	15
6.1.2. Deberes.....	16
6.2. Dereitos e deberes dos profesores.....	17
6.2.1. Dereitos .....	17
6.2.2. Deberes.....	17
6.3. Normas de convivencia .....	18
6.3.1. Elaboración das normas.....	18
6.3.2. Difusión das normas .....	18
6.3.3. Normas de convivencia. ....	19
6.3.4. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección .....	20
<b>7. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso .....</b>	<b>24</b>
7.1. Principios da intervención .....	24
7.2 Comunicación de situacións de acoso .....	24
7.3. Protocolo de actuación ante unha situación de acoso escolar .....	24
7.3.1. Recepción da demanda polo equipo directivo .....	24
7.3.2. Medidas urxentes.....	25
7.3.3. Recollida de información.....	25
7.3.4. Medidas disciplinarias .....	26
7.3.5. Comunicación.....	26
7.3.6. Plan de intervención .....	26
<b>8. Avaliación revisión e mellora do plan.....</b>	<b>26</b>

## **1. Introducción**

A Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación no seu artigo 121.2 establece que os proxectos educativos dos centros, tendo en conta as características do contorno social e cultural, recollerán xunto ás medidas de atención á diversidade e á acción tutorial, o plan de convivencia.

Este plan elabórase tendo en conta o disposto na Lei 4/2011 do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve.

O plan recolle os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011, de acordo cos cales preténdese educar en valores que propicien unha convivencia positiva, favorecer a adquisición das capacidades que permiten a participación responsable na vida do centro e do contorno, promover a resolución pacífica dos conflitos, sensibilizar sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social, así como previr e trata as situacións de acoso.

### **1.1. O centro**

O I.E.S. de Carral foi creado polo Decreto 49/2015 do 26 de marzo polo que se transformou o C.P.I. Vicente Otero Valcárcel. Actualmente, o noso instituto, xunto co CEIP Vicente Otero Valcárcel e o de Tabeaio, constitúen a oferta de ensinanza básica do concello. Os nosos alumnos proceden do Vicente Otero Valcárcel, agás un pequeno número que se incorpora cada curso procedente de outros centros ou do estranxeiro. Non todos os nosos alumnos teñen a súa residencia no concello de Carral, xa que recibimos alumnos de concellos limítrofes (Cambre, Abegondo, Cerceda).

Pode considerarse que existe, en xeral, certa homoxeneidade en canto á procedencia sociocultural e ás características socioeconómicas do noso alumnado.

## **1.2. Situación da convivencia no centro**

### 1.2.1. Indicadores.

Para valorar o estado da convivencia no Centro son necesarios indicadores, que permitan avaliar o grao de satisfacción dos diferentes sectores da comunidade educativa. Como indicadores directos de problemas disciplinarios e de convivencia temos en conta os seguintes:

- Número de partes de incidencia
- Número de alumnos/as enviados á aula de convivencia.
- Tipos de condutas polas que os/as alumnos/as son sancionados.
- Sancións impostas.
- Número de expedientes disciplinarios.
- Número de protocolos por acoso escolar.

Na actualidade o clima de convivencia pode considerarse positivo. Non se observan problemas importantes, aparecendo de cando en vez algún conflito esporádico que se resolve fundamentalmente con medidas correctivas baseadas en apercibimentos orais, na asistencia á Aula de Convivencia e na realización de traballos específicos en horario lectivo. En casos puntuais é preciso recorrer a medidas correctora máis severas como á suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias ou extraescolares ou á suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou ao centro por un período de ata tres días lectivos.

Os tipos de condutas contrarias á convivencia escolar máis frecuentes son:

- Perturbación do normal desenvolvemento das actividades de clase.
- Impedir ou dificultar o estudo aos seus compañeiros.

- Actuacións incorrectas cara a algún membro da comunidade educativa

## 2. Xustificación

A xestión da convivencia no centro enmárcase dentro dun modelo integrado da mesma. Toda a comunidade educativa e, de forma especial, a Comisión da Convivencia e a Dirección do centro tratan de priorizar a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos.

Tendo en conta que o labor educativo é un traballo de equipo no que participamos profesionais docentes, nais e pais, alumnos, institucións,..., é indispensable que as relacións establecidas entre todos gocen dunha situación saudable porque só dentro dun clima de colaboración e respecto polos valores democráticos e polas persoas que participamos no proceso poderemos constituír a educación en instrumento de mellora da condición humana e da vida colectiva.

O noso traballo trata de primar a cultura da paz e a educación nos valores para que o noso instituto sexa lugar onde a convivencia e a xestión pacífica dos conflitos teña unha total integración e para que estes patróns de comportamento sexan asumidos como propios da cidadanía do futuro.

Este Plan de Convivencia está baseado nos fins e principios establecidos no artigo 3 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. Estes son:

- a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.
- b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.



- c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.
- d) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.
- e) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.
- f) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.

Como calquera outro plan, este Plan de Convivencia é susceptible de mellora e daquelas correccións que a comunidade educativa considere oportunas.

### **3. Obxectivos**

1. Dar a coñecer entre todos os membros da comunidade educativa as NOF, especialmente aqueles artigos referidos ás normas internas de convivencia, á disciplina, á descrición e cualificación das faltas e os procedementos de corrección das condutas que as incumpren.
2. Concienciar a todos os membros da comunidade educativa da necesidade de coñecer e respectar os dereitos e deberes das alumnas e alumnos, as profesoras e os profesores, o persoal de administración e servizos e as nais e pais.
3. Facer presente nas aulas o respecto polas outras culturas, etnias,...., con actividades e materiais didácticos que representen a realidade multicultural que caracteriza a sociedade actual descartando aquelas que poidan potenciar a violencia, o sexismo, ...
4. Potenciar, dentro do plan de acción titorial, todas aquelas actividades que favorezan a orde, a disciplina e o respecto mutuo, entre os que cabe



destacar a elaboración e o seguimento das normas específicas do grupo clase.

5. Favorecer as situacións nas que o alumnado, na medida apropiada á súa idade, poida participar na organización, desenvolvemento e a avaliación dos diferentes aspectos da vida académica do Centro.
6. Manter, por parte do profesorado, unha liña de conduta coherente, uniforme e sistemática no tratamento da orde e a disciplina.
7. Propiciar a colaboración entre as familias e o centro a través dun intercambio construtivo de informacións que permita unir esforzos para lograr fins comúns e a creación de canles de comunicación.
8. Favorecer a acollida do profesorado e o alumnado novo, prestando especial atención á normal integración dos chegados de países estranxeiros con culturas moi diferentes á nosa.
9. Potenciar a apertura das relacións interpersoais entre os alumnado.

## **4. Comisión de convivencia**

A comisión de Convivencia Escolar é un órgano colexiado que actúa por delegación do Consello Escolar. Ocúpase da planificación, xestión e avaliación da mellora da convivencia escolar. Promove a mediación na xestión dos conflitos e constitúe un referente democrático da autoridade do centro educativo

### **4.1 Composición**

- I. Presidente/a: Director/a
- II. Xefe/a de estudos
- III. Orientador/a
- IV. 2 profesores/as: Luz Gómez Avilés, Anxo Gómez Sánchez
- V. 1 alumno/a: Carolina Lozano Dans
- VI. 1 nai-pai: Carmen Dans
- VII. 1 representante do persoal non docente: Irene Barbeito Gómez

Unha das persoas enriba mencionadas, con destino no centro educativo, actuará como secretario ou secretaria e levantará acta.

Estarán abertos á participación do profesorado titor relacionado co tema que se analice e dos profesionais de sanidade, dos servizo sociais e das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar.

### **4.2 Nomeamento**

A comisión constituirase no seo do consello escolar. O nomeamento corresponde á dirección por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.



### **4.3 Funcións**

- a. Elaborar e dinamizar o plan de convivencia do centro incluíndo todos os sectores da comunidade educativa, incorporando as súas iniciativas e achegas no proceso de elaboración, desenvolvemento e seguimento do citado plan.
- b. Adoptar as medidas preventivas necesarias para garantir os dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o cumprimento das normas de convivencia do centro.
- c. Impulsar accións dirixidas á promoción da convivencia
- d. Informar ao Consello Escolar.
- e. Coordinar as actuacións conxuntas na mellora do clima de convivencia.
- f. Propor as medidas de mellora da convivencia.

### **4.4. Funcionamento**

Manteranse tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

Nas reunións trimestrais estudarase a situación da convivencia, tendo en conta a información aportada polo coordinador, así como as medidas contempladas no plan de convivencia.

Ó remate do curso, elaborarase unha memoria coa análise da convivencia e as inciativas tomadas.



## 5. Actuacións, medidas e programas

### 5.1 Actuación e programas

<b>AULA DE CONVIVENCIA</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
1 2	Atención educativa e de reflexión para o alumnado	Alumnado que presente comportament o perturbador	Profesorado Coordinador de convivencia	O longo do curso

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 1. ACTIVIDADES DE ACOLLIDA E INTEGRACIÓN</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
1 4 8 9	Programa de transición á ESO: visita ó insituto  Programa de transición á ESO: charla sobre a ESO e o funcionamento do instituto	Alumnado que se incorporan a 1º de ESO	Orientador Colaboración de alumnado de 1º  Orientador	Terceiro trimestre
	Actividades previstas no Programa TEI		Orientador Equipo TEI	

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 7. PARTICIPACIÓN NO PLAN DIRECTOR</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
2 4 5 9	Participación nas actividades do Plan director. Charlas sobre o acoso escolar e as novas tecnoloxías  Drogas e alcol	Alumnado de 1º   Alumnado de 2º e 4º	Titores, orientador, persoal da Garda Civil	Primeiro trimestre

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 7. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
2 3	Programa de educación en	Alumnado de todos os cursos	Educadora social	O longo do curso.



<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 7. PROGRAMA DE EDUCACIÓN EN VALORES</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPOSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
4 9	valores, en colaboración co Concello de Carral	da ESO	Titores Orientador	

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 7. PROGRAMA TEI</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPOSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
2 3 4 9	Programa Titoría Entre Iguais	Todo o alumnado dos cursos 1º e 3º	Equipo do programa TEI Titores Orientador	O longo do curso.

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 7. OBRADOIROS DE</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPOSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
2 3 4 9	Obradoiros de Sexualidade responsable	Alumnado de 4º	Educadores do programa Titores Orientador	2º trimestre

### **5.2 Estratexias organizativas e curriculares.**

As decisións curriculares e organizativas poden ter un peso moi importante na convivencia e no clima do centro. Aspiramos a que todo o proceso educativo dos alumnos sexa un ámbito de aprendizaxe da convivencia e dos valores relacionados con ela. Ademais, unha organización académica e curricular que favorezcan o éxito escolar, constituirán unha das medidas máis eficaces para a prevención dos conflitos.

<b>NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO</b>
<p><b>CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DOS GRUPOS DE ALUMNOS:</b> Na medida do posible, a formación de grupos realizarase seguindo un criterio de heteroxeneidade; procurarase que a elección de optativas non dea lugar á formación de grupos inadecuados.</p> <p>Non obstante o criterio de heteroxeneidade na formación dos grupos, para</p>



<b>NORMAS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO. AGRUPAMENTO DO ALUMNADO</b>		
aqueles alumnos nos que o seu desfase curricular o requira, faranse agrupacións flexibles ou outras medidas previstas no plan de atención á diversidade.		
<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
Xefatura de estudos Equipos docentes Xefe do departamento de orientación	Alumnos	Antes do inicio de curso.

<b>PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b>		
<b>AXUSTE DAS PROGRAMACIÓNS E DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN ÁS N.E.A.E. DOS ALUMNOS:</b> a identificación e atención das necesidades educativas do alumnado según un criterio de progresividade e de acordo cos criterios establecidos no Plan xeral de atención á diversidade.		
<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
Equipos docentes Xefe do departamento de orientación	Alumnos	Inicio de curso Sesión de avaliación inicial Sesións de avaliación ordinarias

**5.3. Accións destinadas á favorecer a participación da comunidade educativa**

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 6. INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN ÁS FAMILIAS</b>				
<b>OBXECTIVO</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
1 2 7 8	Actividades previstas no Programa de transición á ESO para os pais dos novos alumnos de 1º	Pais/nais do alumnado de nova incorporación ó centro	Equipo directivo Orientador	Terceiro trimestre
	Reunión informativa de principios de curso dirixida ó grupo de pais	Pais/nais de cada grupo	Profesorado titor Colaboración do orientador	Primeiro trimestre



<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 6. INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN ÁS FAMILIAS</b>				
<b>OBXECTIVO</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
	Reunións informativas individuais cos pais dos alumnos	Pais/nais do alumnado	Profesorado titor	O longo do curso

<b>OUTRAS ACTIVIDADES DE INFORMACIÓN Á COMUNIDADE EDUCATIVA</b>				
<b>OBXECTIVO</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
1	Manter actualizada a información sobre o centro na súa páxina web.	Toda a comunidade educativa	Equipo directivo	O longo do curso

**5.4. Accións destinadas á prevención de condutas contrarias ás normas de convivencia e difusión das normas**

<b>PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 2. NORMAS, OBXECTIVOS E FUNCIONAMENTO DO GRUPO</b>				
<b>OBXECT.</b>	<b>ACTUACIÓN</b>	<b>DESTINATARIOS</b>	<b>RESPONSABLES</b>	<b>DESENVOLVEMENTO</b>
1 4 5 6 9	Análise da marcha da convivencia na clase	Alumnado dos diferentes grupos	Profesorado titor	O longo do curso, en especial antes das sesións de avaliación
	Elaboración das normas básicas de funcionamento do grupo		Profesorado titor Orientador	Principios de curso
	Elección de delegado.		Profesorado titor	Principios de curso
	Reflexión sobre a resolución pacífica de conflitos		Profesorado titor	O longo do curso
6	Dar relevancia á Xunta de delegados/as facendo reunións periódicas para resolver problemas, conflitos ou	Delegados de curso		O longo do curso



PLAN DE ACCIÓN TITORIAL. BLOQUE 2. NORMAS, OBXECTIVOS E FUNCIONAMENTO DO GRUPO				
OBXECT.	ACTUACIÓN	DESTINATARIOS	RESPONSABLES	DESENVOLVEMENTO
	recabar opinións			

### **5.5. Accións de sensibilización**

. 25 de novembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero. En colaboración co Concello. Concurso de curtas.

. Sensibilización sobre o acoso e ciberacoso con diversas actividades dentro da acción titorial.

### **5.6. Espazos e recursos humanos e materiais**

Hai unha aula de atención educativa e convivencia que ten a a función de:

- Atender ao alumnado que por problemas de conduta non pode permanecer na aula e é expulsado dela. Na Aula de Convivencia, este alumnado, baixo a responsabilidade do profesorado de garda na mesma, realizará tarefas específicas correspondentes ás aprendizaxes básicas do curso do que proceda.

Ningún alumno poderá ser derivado á devandita aula sen actividades ou tarefas para realizar durante a súa permanencia nela.

Correspóndelle ao profesorado que remita alumnado a esta aula establecer as tarefas que cada alumno deba realizar, corríxilas e avalialas.

Os pais, nais ou titores legais do alumnado remitido á aula deberán ser informados cada vez que os seus fillos asistan á referida aula, indicándoseles a incidencia que o motivou.

- Lugar de reflexión para o alumnado que permanece nesa aula sancionado.

Para desenvolver este plan de convivencia contaremos co profesorado do centro, o alumnado, o persoal de administración e servizos, as familias, os servizos dos que dispón o Concello e todo o persoal que a Administración poña ao noso alcance.

Os recursos materiais serán os propios da práctica docente e aqueles que vaiamos elaborando para as diversas actuacións que levemos a cabo.

## **6. Normas de convivencia**

### **6.1. Dereitos e deberes dos alumnos**

#### 6.1.1. Dereitos

Recoñéceselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) Recibir unha formación que asegure o pleno desenvolvemento da súa personalidade, nun ambiente de aula o máis adecuado posible (no que se poida falar e escoitar, consultar material, traballar individualmente e en grupo, etc.).
- b) Desenvolver a súa actividade académica nas debidas condicións de seguridade e hixiene.
- c) Ver respectada a súa integridade física e moral e a súa dignidade persoal, non podendo ser obxecto, en ningún caso, de tratos vexatorios ou degradantes.
- d) Ter os mesmos dereitos e deberes sen máis distincións que as derivadas da súa idade e das ensinanzas que se atope cursando, asegurando o pleno desenvolvemento da súa personalidade.
- e) Ver respectada a súa liberdade de conciencia, as súas conviccións relixiosas ou morais, o seu nivel social e económico, así como as súas discapacidades físicas ou sensoriais conforme a Constitución. Os alumnos teñen dereito a ver respectada a súa liberdade de expresión sen prexuízo dos dereitos de todos os membros da comunidade educativa e o respecto que merecen as institucións de acordo cos principios e dereitos constitucionais.
- f) Recibir orientación escolar e apoio, cada un segundo as súas necesidades.
- g) Recibir as axudas precisas para compensar posibles carencias de tipo familiar, económico ou sociocultural.
- h) Recibir protección social nos casos de infortunio familiar ou accidente.
- i) Formular diante do profesorado cantas reclamacións estime oportunas.



- j) Recibir información axeitada da programación elaborada polo profesorado para cada avaliación.
- k) ñ. Ver os seus exames, probas ou traballos despois de corrixidos e ser atendidos nas súas reclamacións respecto disto.
- l) Que o seu rendemento escolar sexa valorado segundo os criterios de plena obxectividade.
- m) Participar activamente no funcionamento da vida do centro, conforme o disposto na normativa vixente.
- n) Que o centro reserve a información de que dispoña acerca das súas circunstancias familiares e persoais.
- o) Reunión e utilización das instalacións do centro para actividades de carácter escolar ou extraescolar con algún fin educativo, nos termos previstos na lexislación vixente.
- p) Que o órgano competente do centro adopte as medidas necesarias cando non sexan respectados os seus dereitos.

#### 6.1.2. Deberes

a) O estudo constitúe un deber básico dos alumnos e concrétese nas seguintes obrigas:

- Os alumnos deben asistir ás aulas cunha actitude positiva cara á súa aprendizaxe (ter dispoñible o material, realizar as tarefas que se lles propoñan, colaborar cos seus compañeiros no traballo de equipo, etc.). Non comerán alimentos nin lambetadas dentro da aula, agás aqueles que o necesiten por prescrición médica, por padecer algunha doenza que así o aconselle.
- Respectar o dereito dos compañeiros ó estudo (traballando e deixando traballar, seguindo en todo momento as instrucións do profesor, así como esperar a vez para falar, escoitar os compañeiros, comunicarse con eles de xeito educado, sen rir, nin insultar, nin usar alcumes, respectando as opinións dos demais).
- Cumprir e respectar os horarios aprobados para o desenvolvemento das actividades do centro.
- Seguir as orientacións do profesorado respecto da súa aprendizaxe e amosarlle o debido respecto e consideración.

b) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros e compañeiras á educación.

c) Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.





- d) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- e) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.
- f) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- g) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte á convivencia no centro.

## **6.2. Dereitos e deberes dos profesores**

### 6.2.1. Dereitos

- a. A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.
- b. A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- c. A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- d. A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- e. Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- f. A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011 do 30 de xuño.
- g. A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

### 6.2.2. Deberes

- a. Respetar e facer respectar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- b. Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos

complementarios e extraescolares, corrixiendo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndoas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c. Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d. Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.

e. Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

### **6.3. Normas de convivencia**

#### **6.3.1. Elaboración das normas**

A elaboración das normas esixe a participación dos distintos membros da comunidade educativa implicados. A participación no proceso de elaboración, debe favorecer o cumprimento co seu cumprimento, así como a aceptación das consecuencias derivadas do seu incumprimento.

As consecuencias derivadas do incumprimento das normas orientaranse á reparación do dano causado máis que á imposición dunha sanción que non garde relación co dano.

Ademais de tratar os dereitos e deberes e as normas de convivencia xerais, as normas de aula serán elaboradas nas sesións de titoría durante o primeiro trimestre, de acordo co previsto no Plan de Acción Titorial. Os grupos elaborarán as súas normas de funcionamento tendo en conta as normas xerais do Centro segundo os seguintes criterios:

- a) As normas deberán ser claras e concretas
- b) Realistas, xustas e comprensibles
- c) Estables
- d) As consecuencias derivadas do seu incumprimento deberán favorecer a reparación do dano cometido e a comprensión da importancia da norma.
- e) Unha vez aprobadas, as normas de aula figurarán no taboleiro da clase.

#### **6.3.2. Difusión das normas**



Nas sesións de acollida previstas no PAT presentaranse as normas xerais de convivencia, así como o proceso de elaboración e modificación a que están suxeitas. A principio de cada curso, a xefatura de estudos fará entrega a todo o profesorado dun “Caderno do profesor” no que se recollan as normas de convivencia do centro e os protocolos de actuación ante situacións de conflito ou problemas de disciplina. Na reunión do primeiro trimestre cos pais dos alumnos, o titor entregará e comentará a normas con eles.

### 6.3.3. Normas de convivencia.

As normas de convivencia do centro terán como principal obxectivo concretar os deberes do alumnado e establecerán as correccións que correspondan polas condutas contrarias ás citadas normas.

#### 6.3.3.1. INCUMPRIMENTO DAS NORMAS DE CONVIVENCIA

Son obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia e realizadas polo alumnado:

- Dentro do recinto escolar ou durante as actividades complementarias e extraescolares.
- As que, realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten a outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar.

As posíbeis condutas contrarias ás normas, realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión coa actividade escolar.

#### 6.3.3.2. RESPONSABILIDADE E REPARACIÓN DE DANOS

O alumnado está obrigado a reparar os danos causados nas instalacións e ao material do centro, incluídos os equipos informáticos, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo da súa reparación.

Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non for posíbel, a indemnizar o seu valor. As nais e pais ou as titoras ou titores serán responsábeis civís nos termos previstos pola lexislación vixente.

No caso de agresión física ou moral, deberase reparar o dano moral causado mediante a presentación de desculpas e o recoñecemento da responsabilidade dos actos, en público ou en privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos e de acordo co que, de ser o caso, determine a resolución que imponha a corrección da conduta.



O réxime de responsabilidade e reparación de danos establecido neste artigo é compatíbel coas correccións disciplinarias que, de ser o caso, correspondan.

#### 6.3.4. Condutas contrarias á convivencia e a súa corrección.

As condutas contrarias á convivencia, tipificadas como faltas, clasificaranse nas seguintes:

- Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia.
- Condutas leves contrarias á convivencia.

Así mesmo, cando calquera membro da comunidade educativa entenda que os feitos poden ser constitutivos de delito ou falta penal, deberá comunicarllo á dirección do centro para a súa remisión á Administración educativa e/ou ao Ministerio Fiscal, sen prexuízo de tomar as medidas cautelares oportunas.

A corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro require a instrución dun procedemento corrector que se levará a cabo conforme ao establecido no capítulo IV do Decreto 8/2015 polo que se desenvolve a Lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

##### **6.3.4.1. Condutas leves contrarias ás normas de convivencia**

Considéranse condutas leves contrarias ás normas de convivencia do centro educativo as seguintes:

- a. As faltas de puntualidade inxustificadas.
- b. As faltas de asistencia inxustificadas.
- c. Os actos que alteren o normal desenvolvemento das actividades do centro educativo, especialmente os que alteren o normal desenvolvemento das clases.
- d. Os actos de indisciplina.
- e. Os actos de incorrección ou desconsideración, as injurias e ofensas contra os membros da comunidade educativa.
- f. O furto ou o dano intencionado de inmobles, materiais, documentación ou recursos do centro.
- g. O furto ou o dano intencionado dos bens ou materiais dos membros da comunidade educativa.
- h. As accións que poidan ser prexudiciais para a integridade e a saúde dos membros da comunidade educativa.



- i. A negativa sistemática a levar o material necesario para o desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe.
- l. A negativa a trasladar a información facilitada aos pais, nais, titores/as por parte do centro e viceversa.
- m. A alteración ou manipulación da documentación facilitada aos pais, nais, titores/ras por parte do centro.
- n. A utilización desaxeitada das tecnoloxías da información e comunicación durante as actividades que se realizan no centro educativo.
- ñ. O uso de teléfonos móbiles, aparellos de son e outros aparellos electrónicos alleos ao proceso de ensino-aprendizaxe durante as actividades que se realizan no centro educativo.
- o. Os actos que dificulten ou impidan o dereito e o deber ao estudo dos seus compañeiros/as.
- p. A incitación ou estímulo a cometer unha falta contraria ás normas de convivencia.
- q. A negativa ao cumprimento das medidas correctoras adoptadas ante condutas leves contrarias ás normas de convivencia.
- r. O uso desaxeitado das infraestruturas e bens ou equipos materiais do centro.
- s. A desobediencia no cumprimento das normas de carácter propio do centro, incluídas no proxecto educativo.

#### **6.3.4.2. Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia**

- a. Amoestación privada ou por escrito. Será aplicada polo profesorado, ou o/a titor/a do alumno/a, ou o/a xefe/a de estudos ou o/a director/a.
- b. Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos. Será aplicada polo profesorado ou o/a titor/a do alumno/a.
- c. Realización de traballos específicos en horario lectivo nalgunha das dependencias do centro, preferiblemente na Aula de Convivencia. Será aplicada polo profesorado, ou o/a titor/a do alumno/a, ou o/a xefe/a de estudos ou o/a director/a.
- d. Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro. Será aplicada polo profesorado, ou o/a titor/a do alumno/a, ou o/a xefe/a de estudos ou o/a director/a.
- e. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas. Será aplicada pola xefatura de estudos ou o/a director/a.
- f. Cambio de grupo por un período de ata unha semana. Será aplicada pola xefatura de estudos ou o director/a.



g. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá permanecer na Aula de Convivencia realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Será aplicada polo director/a.

h. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro ou envío á Aula de Convivencia por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo. Será aplicada polo director/a.

#### **6.3.4.3. Condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

Considéranse condutas gravemente prexudiciais para a convivencia:

a. As agresións físicas ou psíquicas, as inurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.

b. Os actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

c. Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que constitúan unha indisciplina grave.

d. A gravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou información que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

e. As actuacións que constitúan acoso escolar conforme o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011: *“Para os efectos desta lei, considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.”*

f. A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.

g. Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais do centro, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa ou de terceiros, así como a súa subtracción.



h. Os actos inxustificados que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter complementario e extraescolar.

i. As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.

l. Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, considerarase indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os citados obxectos, substancias ou produtos cando se é requirido para iso polo profesorado. A reiteración, nun mesmo curso escolar, de condutas leves contrarias á convivencia.

m. O incumprimento das sancións impostas.

#### **6.3.4.2. Medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia**

a. Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.

b. Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período entre dúas semanas e un mes.

c. Cambio de grupo.

d. Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

e. Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.

f. Cambio de centro.

#### **6.3.4.3. Prescrición de condutas e de correccións**

As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia, ao mes.

O prazo de prescrición comezará a contar desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso en que o prazo de prescrición non empezará a computar mentres esta non cese.

En caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e reiniciarase o

cómputo do prazo de prescrición no caso de producirse a caducidade do procedemento.

## **7. Protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso**

### **7.1. Principios da intervención**

- a) Intervención inmediata e urxente.
- b) Coordinada entre os órganos do Centro (Equipo Directivo, titor, orientador) e cos órganos externos (Inspección, servizos sociais).
- c) Confidencialidade.
- d) Prevención.

### **7.2 Comunicación de situacións de acoso**

Calquera membro da comunidade educativa que teña coñecemento da existencia dun caso de maltrato entre iguais, ten obrigación de poñelo en coñecemento dalgún profesor do Centro ou do equipo directivo, segundo sexa o caso e a persoa que teña coñecemento dos feitos. En todo caso se deberán poñer os feitos en coñecemento da dirección.

O centro establecerá os medios e procedementos que permitan a detección e comunicación de situacións de acoso. Tendo en conta que un dos problemas que acompañan a estas situacións é o silencio que as pode envolver, estableceranse canles que garanticen o anonimato da persoa que fai a comunicación; a tal fin o Centro:

- Poñerá en funcionamento un “Buzón de convivencia” no que se poidan recoller as denuncias ou comunicacións, que será xestionado pola Xefatura de estudos.

### **7.3. Protocolo de actuación ante unha situación de acoso escolar**

A actuación do Centro axustarase ó establecido no Protocolo de Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, proposto pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

#### **7.3.1. Recepción da demanda polo equipo directivo**

- a) Calquera membro da comunidade educativa poderá denunciar a posible existencia dunha situación de maltrato.
- b) Unha vez recollida a demanda, o equipo directivo convocará unha reunión co titor do grupo do alumno afectado e o xefe do





departamento de orientación para analizar e valorar a intervención necesaria.

- c) Durante toda esta fase terase especial coidado no manexo da información e no coñecemento da mesma por outras persoas, evitando a difusión de rumores e garantindo a confidencialidade.
- d) Iniciarase a recollida de información tendo en conta os indicadores habituais destas situacións. Así mesmo, poderase incorporar calquera outra información que se considere necesaria.

### 7.3.2. Medidas urxentes

De considerarse necesario a dirección poderá establecer medidas de urxencia para protexer á persoa agredida ou evitar futuras agresións:

- a) Medidas destinadas á protección do alumno: aumento da vixiancia nos lugares e momentos nos que se denuncia que se produce o acoso.
- b) Cambio de grupo
- c) Medidas cautelares en relación co agresor: aplicación das Normas de Organización e Funcionamento.
- d) Designación dunha persoa responsable de atención á presunta vítima

Procederase a informar ás familias sobre a situación e as medidas adoptadas.

Informarase ó resto do equipo docente que teña relación cos alumnos implicados. Cando se estime oportuno informarase ó resto de persoal do Centro. En función da valoración inicial, informarase tamén a outras instancias externas: inspección, servizos sociais, etc.

### 7.3.3. Recollida de información

Unha vez adoptadas as medidas urxentes, a dirección recabará, coa colaboración do departamento de orientación e do titor do alumno ou alumna, a información complementaria necesaria relativa ó feito, a partir das seguintes fontes:

- a) Documentación existente sobre os alumnos implicados
- b) Observación sistemática dos lugares onde se producen as agresións
- c) Entrevistas cos implicados, as familias, o profesorado, outros alumnos.

De considerarse necesario, de cara á posible incoación dun expediente, a dirección designará a unha persoa responsable das averiguacións previas.

No seu caso, poderase proceder a incoación dun expediente, cando se considere que as averiguacións previas non son necesarias.

A constatación e corrección de accións que constitúan acoso escolar esixen a previa incoación dun expediente.

#### 7.3.4. Medidas disciplinarias

Recollida e contrastada a información, o director do centro tomará as medidas disciplinarias que correspondan en función do establecido nas Normas de Organización e Funcionamento.

#### 7.3.5. Comunicación

A dirección remitirá o informe ó servicio de inspección educativa correspondente (agás nos casos nos que a comunicación fose inmediata en función da gravidade do caso), e o dará a coñecer á Comisión de convivencia.

As familias dos alumnos implicados serán informadas das medidas adoptadas.

#### 7.3.6. Plan de intervención

Cando non se confirme a existencia de maltrato, o plan de intervención recollerá as medidas preventivas propostas para os diferentes sectores implicados.

Cando se verifique a situación de acoso, independentemente das medidas correctoras tomadas en aplicación das NOF, elaborárase un plan de intervención que deberá contemplar accións dirixidas a tódolos implicados.

### **8. Avaliación revisión e mellora do plan**

O plan de convivencia, unha vez aprobado, incorporárase ó proxecto educativo do centro. Ó inicio de cada curso será revisado polo equipo directivo para incorporar as propostas de mellora, se proceden, recollidas na memoria final de curso.

Nas reunións da Comisión de convivencia o seu presidente dará conta das correccións e medidas disciplinarias impostas. Corresponde á Comisión o seguimento periódico da situación da convivencia no centro.



Unha vez que se poña en práctica este plan, ao final de cada curso comprobarase se houbo melloría e cales foron as súas causas. En función dos resultados, deseñaranse propostas para mellorar aqueles puntos febles detectados.

A persoa dinamizadora da convivencia do centro presentará á Comisión de Convivencia ao final de cada curso unha memoria onde se recollan:

a) En relación á avaliación do Plan de convivencia:

- Nivel de consecución dos obxectivos propostos
- Grao de participación
- Adecuación dos recursos, espazos e actividades
- Valoración dos resultados
- Propostas de mellora e/ou modificación para o seguinte curso

b) En relación ós resultados da aplicación das normas de convivencia

- Problemas detectados
- Propostas de medidas que favorezcan a convivencia